

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024197	IES de Cotobade	Cerdedo-Cotobade	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado no Concello de Cerdedo-Cotobade, o IES de Cotobade. O instituto está dotado de numerosos recursos e materiais, que facilitan a labor docente, e contamos cunhas instalacións nas que se poden levar a cabo todo tipo de actividades. Fora da aula temos recursos como a aula de informática, aula de audiovisuais, biblioteca, etc . Contamos cun amplo corredor habilitado como zona de exposición, para poder achegar as nosas creacións ó resto do alumnado e ao profesorado, na fase de Exposición do presente proxecto .

A materia de PROXECTO COMPETENCIAL está organizada da seguinte maneira: 1 hora en primeiro .

A idade dos alumnos oscila entre os once e os doce anos . O ser este un centro de ámbito rural , os rapaces non teñen moita oferta cultural ó seu alcande e a motivación cultural e artística dende a familia tampouco é moi alta.

No primeiro curso da ESO, hai dous grupos , 1º A con 16 alumnos e outro de 1º B con outros 16 alumnos . De estos alumnos escolleron a materia optativa de Proxecto Competencial 3 alumnos do grupo 1º A , e 4 alumnos do grupo 1º B. Alguns son alumnos con necesidade de reforzo educativo e con necesidade de exames adaptados ás súas circunstancias persoais .

Moitos deles son alumnao/as con TDAH, así como outras necesidades educativas que por suposto serán tidas en conta á hora de levar a cabo esta programación.

Totalizando, na materia de Proxecto Competencial de 1º ESO , temos este ano un total de 7 alumnos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Zentangle. Un método de debuxo meditativo. Historia, características e finalidades	Nesta unidade estúdase en qué consiste a técnica do debuxo meditativo Zentangle, quenes foron os seus creadores e qué foi o que os levou a crealo. De qué xeitos pode axudar esta técnica á xente . Características da técnica. Fundamentos.	33	11	X		
2	Practica de Zentangle. Aprendendo tangles e experimentando sobre o proceso creativo do Zentangle.	Nesta unidade o alumnado pescuda información sobre aspectos varios da técnica do Zentangle, investiga diferentes tangles e como debutamos, poñendo en práctica todo o aprendido sobre esta técnica, facendo varios debuxos con ela e experimentando os beneficios da mesma . O alumnado extrae ás súas propias conclusións sobre o uso do método, despois de experimentalalo en 1ª persona.	34	12		X	
3	Realización dunha exposición na que mostrar os beneficios do Zentangle e os traballos realizados con este método.	Unidade na que se elabora, expón e presentan as conclusións e o proxecto, así como levar a cabo unha exposición dos traballos realizados, onde se mostra ao resto do alumnado en qué consiste a técnica e se lles ensina o proceso de realización dun debuxo , nun taller impartido polos propios alumnos.	33	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Zentangle. Un método de debuxo meditativo. Historia, características e finalidades	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da técnica de Zentangle , técnica de debuxo meditativo, e os beneficios que pode aportar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar os recursos e materiais máis axeitados para a realización do proxecto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Practica de Zentangle. Aprendendo tangles e experimentando sobre o proceso creativo do Zentangle.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas de cara a ir coñecendo pouco a pouco diferentes tangles	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados , ao tratamento dos datos recollidos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios, para a realización de proxectos coa técnica do Zentangle		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver e comunicar as incidencias xurdidas, así como opinar sobre cal pode ser a mellor solución .		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados, tanto individual como en grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Realización dunha exposición na que mostrar os beneficios do Zentangle e os traballos realizados con este método.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os resultados do proxecto, xa sexa de xeito oral como apoiado en imaxes e presentacións dixitais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto, así como ter e capacidade de mostrar o aprendido ós compañeiros e profesores do centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "ZENTANGLE": Técnica de debuxo meditativo

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado tanto en grupo como asignando unha parte do traballo a cada alumno, dependendo da parte a tratar. Ao traballar con grupos de grupos de poucos alumnos (3 e 4) se realizará un traballo cooperativo, no cal cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. Tamén se contempla facer algunha sesión de traballo colaborativo xuntando ós dous grupos nalgún recreo.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase un estudo en profundidade sobre a técnica do ZENTANGLE, unha técnica estadounidense de debuxo meditativo , que ten moitos beneficios para a saúde, potencia a creatividade, mellora a autoestima, reduce o nivel de stres e facilita e mellora a atención no alumnado. A súa historia, beneficios , estudos relacionados que demostran a súa utilidade, etc

O alumnado deseñará unha planificación na procura das mellores preguntas, para así obter unha información completa coa que poder traballar despois.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos alumnos recollerán información dunha profesora certificada en esta técnica e aprenderán basicamente en que consiste a técnica e poñerá en práctica facendo varios debuxos con ela.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará os resultados do traballo feito, presentarán os debuxos realizados así como os resultados da investigación levada a acabo no primeiro e segundo trimestre.

Terán liberdade no formato de presentación e nos medios, dándolle a máxima difusión no centro educativo, así como noutros sitios do concello como poden ser o resto de centros escolares , redes sociais do centro, páxina web do centro, no concello , etc.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Bioloxía e Xeoloxía (funcións vitais, problemas de saúde relacionados co stres e coa falta de atención e de autoestima...)
- Xeografía e Historia (distribución no mundo desta técnica)
- Matemáticas (xeometría nos debuxos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (debuxos realizados , deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno, cartulinas, cámaras de foto dos móbiles dos alumnos,.
Aula de informática e ordenadores persoais. Canon de proxección.
Material propio da técnica Zentangle como rotuladores calibrados, papeis especiais, difuminos , lápices brandos. Resto de material funxible necesario

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste na aula de EPVA, convenientemente equipada cun encerado tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. É a aula máis apropiada de todo o centro para a realización deste proxecto, xa que conta con todo o material necesario.

Contaremos coa aula de informática onde poder recabar información e darlle forma á parte dixital do proxecto , así como cos espazos habilitados no centro para a exposición das obras realizadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	34	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Redacción e Presentación da parte correspondente a recompilación da información que se considera necesaria para a realización do proxecto; recabando a maior información posible ao respecto.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Realización práctica de varios proxectos artísticos feitos coa técnica do Zentangle.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Realización, presentación e exposición do proxecto ao resto da comunidade educativa. Planificación e realización do taller no que se ensinará de forma práctica en qué consiste esta técnica de debuxo meditativo e os seus beneficios.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

A nota de cada avaliación será a suma de cada unha das seguintes partes:

- Traballo práctico que ao alumno de xeito individual ten que entregar, (feito na clase e na casa) : 80%,
- Oralidade na aula: 10%
- Actitude: 10%

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais, podendo ter máis peso na media a nota da terceira avaliación (presentación final do proxecto) no caso de que esta sexa maior que a media das tres avaliacións.

No mes de xuño, no caso de que algún alumno ou alumna non acade a calificación de 5, como media das tres avaliacións , e non supere os obxectivos fixados neste proxecto, deberá facer a finais do mes de xuño unha proba escrita, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto e ao longo de mes repetir algúns dos traballos practicos que non fixera ao longo do curso.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente a efectos de facer a media aritmética no mes de xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presentación no festival de fin de curso do Instituto	Presentación no proxecto ante todos os compañeiros e compañeiras.			X
Entrevista personal a Elisabet Hillerud (profesora certificada de Zentangle) cun taller presencial	Si fora factible sería interesante a realización dunha charla-taller presencial , onde os alumnos pudieran entrevistar personalmente á profesora de Zentangle (CZT)	X	X	

Observacións:

Dadas as características do proxecto sería interesante poder contar coa visita de Elisabet Hillerud , profesora certificada de Zentangle, que pode aportar moitos coñecementos sobre esta técnica e a súa historia .

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas

Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados